

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS RESILIENTES FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO EN MOZAMBIQUE.”

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, Juan Antonio González Pérez, na súa calidade de presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, asociación sen ánimo de lucro, legalmente constituída e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma co número 2004/007565-1 (56), e que intervéen neste acto por conta e en representación da devandita asociación no exercicio das facultades que ten atribuídas segundo o artigo 22 dos seus Estatutos.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, de conformidade co previsto no artigo 85.2 da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, a Cooperación Galega intervirá prioritariamente, entre outros, no ámbito da acción humanitaria e axuda de emerxencia. En consonancia coo anterior, o IV Plan director da cooperación galega identifica a axuda humanitaria e de emerxencia como un dos ámbitos estratéxicos da cooperación, a executar ben de forma directa ou ben a través de los diferentes actores de cooperación.

Segundo.- Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (en diante, Fondo Galego) é unha entidade plural que agrupa a cen concellos e ás



Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra (103 entidades locais socias), comprometidos coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na cooperación cos terceiros países. O Fondo Galego constitúese no ano 1997, produto da vontade integradora, desde unha dimensión galega, das políticas de cooperación ao desenvolvemento no ámbito da Cooperación oficial descentralizada, neste caso desde a Administración local galega. Desde o ano 2000 a Xunta de Galicia, a través do centro directivo con competencias en materia de cooperación ao desenvolvemento, vén traballando co Fondo Galego en numerosos proxectos de cooperación, tanto no ámbito da sensibilización da poboación galega como en proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior.

Terceiro.- Que o Fondo Galego ten por obxecto fundamental desenvolver unha eficaz política de cooperación ao desenvolvemento, como expresión da corresponsabilidade e do compromiso solidario da sociedade galega cos pobos e comunidades empobrecidas que procuran a realización do seu dereito a un desenvolvemento humano sostible.

Cuarto.- O cambio climático sitúa a África como a zona máis vulnerable e coa evolución máis rápida do quecemento global (Unión Africana, 2015). A temperatura media aumentou un grao centígrado entre 1901 e 2012, e prevese que se eleve ata os dous graos en 2080. As ondas de calor provocan alteracións meteorolóxicas con impacto na súa produción agrícola e na propia vida das persoas.

Exemplo disto foi a tormenta tropical Idai, en marzo de 2019, cualificada pola ONU como un dos peores fenómenos meteorolóxicos da historia no hemisferio Sur. Un ano despois, aínda 2,5 millóns de persoas afectadas precisan da axuda humanitaria para sobrevivir. Dos tres países afectados por Idai, Mozambique foi especialmente castigado, máis de 600 persoas perderon a vida e decenas de miles quedaron sen fogar.

Así mesmo, entre os meses de decembro de 2020 e febreiro de 2021 as rexións centro e sur de Mozambique sufriron a pasaxe das tormentas tropicais Chalane e Guambe e do ciclón tropical Eloise. Ditos fenómenos meteorolóxicos, alén de afectar a territorio mozambicano, afectaron tamén a varios países veciños como Botswana, Zimbabué e África do Sur. Ditos fenómenos meteorolóxicos pasaron por territorio mozambicano acompañados de fortes choivas e ventos furacanados de ata 150 quilómetros por hora, ocasionando o incremento dos ríos Inkomati, Limpopo, Buzi, Zambeze e dos afluentes que nacen nos países veciños.

A vulnerabilidade de Mozambique ao cambio climático é o resultado da súa xeolocalización e xeografía: grandes áreas do país están expostas a ciclóns tropicais, secas e inundacións por marexada ciclónica. Esta vulnerabilidade é acentuada polos 2.470 quilómetros de costa que se expanden ao longo de 7 das 10 provincias do país e pola fragilidade socioeconómica do país.

Boane, na provincia de Maputo, é un dos dous municipios que sufriron en maior medida a pasaxe do ciclón Eloise.

Quinto.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento consonte o establecido no artigo 37 e seguintes do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, correspóndelle a execución da actividade europea e da actividade exterior da Xunta de Galicia e, en particular, o impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento e que, como tal, considera axeitado e conveniente contribuír a reforzar as capacidades das comunidades que foron afectadas polos referidos ciclóns no municipio de Boane, para apoiar na reconstrución das infraestruturas destruídas.

A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía, onde a entidade solicitante, creada co apoio da Federación Galega de Municipios e Provincias e da Administración autonómica, e que actúa de canle coordinadora da actuación por parte do municipalismo galego no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sexto.- Que por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Fondo Galego no proxecto denominado “Construción de vivendas resilientes fronte ao cambio climático en Mozambique”.



O proxecto ten como obxectivo reforzar as capacidades das comunidades que foron afectadas polos referidos ciclóns no municipio de Boane, apoiando a reconstrución das infraestruturas destruídas e formando a persoal técnico para afrontar futuras crises provocadas polo cambio climático.

SEGUNDA.- Obrigas do Fondo Galego

O Fondo Galego deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 20.986,56 € para a execución do proxecto.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Fondo Galego comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificados e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Xustificar, mediante declaración asinada e previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da

Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, do custo total do proxecto que se estima en corenta e un mil novecentos setenta e tres euros con doce céntimos (41.973,12 €), aboará ao Fondo Galego a contía máxima de vinte mil novecentos oitenta e seis euros con cincuenta e seis céntimos (20.986,56 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0 do orzamento vixente para o ano 2021.

En aplicación do disposto no artigo 94.4 da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o gasto que se realice por parte do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade en execución das accións enmarcadas neste convenio, poderá comprender tanto gasto corrente como de investimento. Neste último caso, a entidade beneficiaria deberá xustificar que dito gasto non supón a obtención de beneficios materiais ao seu favor nin a adquisición de investimentos da súa titularidade, xuntando unha declaración acreditativa coa xustificación final do proxecto.

En virtude do disposto no artigo 29.4 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a construción, rehabilitación e mellora de bens

inventariables, deberá quedar formalmente vinculada durante cinco anos ao destino para o que se concede a subvención, circunstancia que deberá reflectirse no rexistro público correspondente, ao igual que a subvención concedida para dito fin.

O incumprimento da devandita obriga de destino, que se producirá en todo caso co alleamento ou co gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 74 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, quedando o ben afecto ao pagamento do reintegro, calquera que sexa a persoa ou entidade posuidora, salvo que resulte ser unha terceira protexida pola fe pública rexistral, ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título, ou en establecemento mercantil ou industrial, no caso de bens mobles non inscribibles.

O Fondo Galego poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagos anticipados

Tras a sinatura do presente convenio e previa petición do Fondo Galego, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, concederá un anticipo pola contía máxima da subvención concedida, de acordo co previsto no artigo 94.3.a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que conleve a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Xustificación do proxecto

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte do Fondo Galego nun prazo máximo de tres meses, a contar desde a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e con data límite do 31 de marzo de 2022.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluirá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente do Fondo Galego.

2ª parte: xustificación económica, que incluirá:



- Certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente do Fondo Galego.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor das mesmas, descrición do gasto, importe en euros e a data e forma de pago dos mesmos.
- Facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior.
- Declaración acreditativa de que o gasto de investimento realizado non supón a obtención de beneficios materiais ao seu favor nin a adquisición de investimentos da súa titularidade.
- Inscripción no Rexistro público correspondente, aos efectos indicados na base terceira.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que o Fondo Galego indique, mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a impresión dun selo-dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar « Convenio financiado pola XUNTA DE GALICIA », ano do financiamento, título abreviado do proxecto e a porcentaxe de financiamento que lle imputa a cada financiador. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos en que se faga constar a mencionada dilixencia.

De maneira excepcional e en base ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e no artigo 94.3 e) da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, para aquelas actuacións que se realicen en contextos de desastres naturais, conflito armado ou crises humanitarias que dificulten ou imposibiliten dispoñer da axeitada documentación xustificativa do gasto, se poderá aplicar un procedemento extraordinario de xustificación económica, consistente na entrega dunha declaración responsable da subvención, na que se certifique o envío dos fondos e a realización da intervención concreta, sen que sexa preciso aportar máis xustificantes.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

O Fondo Galego obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e

material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. Os logotipos serán facilitados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e un representante do Fondo Galego.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento do Fondo Galego.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras

subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021 incluíndo as actuacións iniciadas desde o mes de xullo de 2021. Este prazo poderá ser ampliado automaticamente ata o 30 de xuño de 2022, sen necesidade de autorización previa da Dirección Xeral de Relaciones Exteriores e coa UE e unha vez comunicado pola entidade beneficiaria, antes do 31 de decembro de 2021, de acordo coo establecido no artigo 94.3 c) da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Poderá solicitarse unha segunda prórroga antes de que expire a primeira fundamentada en situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais u outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa á execución da actuación subvencionada, que haberán de acreditarse de forma fidedigna e sempre que non concorran circunstancias imputables á entidade beneficiaria. Nesta segunda ampliación excepcional, o novo prazo outorgarase polo tempo indispensable para facilitar que o beneficiario supere ditas circunstancias ou continxencias.

Conforme o artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o prazo de xustificación da subvención será de tres meses desde a data de finalización da actuación financiada o subvencionada, a contar desde a data de finalización da execución do proxecto, con independencia de que se supere o límite do exercicio orzamentario.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de

xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerese polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase electronicamente polas partes na data indicada.

POLA XUNTA DE GALICIA
O VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

POLO FONDO GALEGO DE
COOPERACIÓN E
SOLIDARIDADE
O PRESIDENTE

Alfonso Rueda Valenzuela

Juan Antonio González Pérez

ANEXO

OBXECTIVOS, ACTIVIDADES A DESENVOLVER E FINANCIAMENTO

1.- OBXECTIVOS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Obxectivo específico: Reforzada a capacidade do Municipio de Boane para afrontar as crises provocadas polo cambio climático..

RESULTADO 1.1: Reforzada a capacidade do municipio de Boane para a construción de infraestruturas resilientes fronte aos desastres provocados polo cambio climático.

ACTIVIDADE 1.1.1: Construír catro vivendas resilientes para catro familias damnificadas polo paso dos ciclóns Chalane, Eloise e Guambe no municipio de Boane.

ACTIVIDADE 1.1.2: Formar ao persoal técnico do municipio de Boane en construción de infraestruturas resilientes.

ACTIVIDADE 1.1.3: Sensibilizar á poboación local sobre os perigos de construír as súas vivendas en lugares pouco seguros.

2.- RESUMO FINANCIAMENTO

Partidas orzamentarias	Xunta de Galicia	Fondo Galego
Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas	20.986,56 €	6.281,43
Equipos e materiais		4.557,14 €
Persoal		1.050,00
TOTAIS	20.986,56 €	20.986,56 €
ORZAMENTO TOTAL PROXECTO	41.973,12 €	